

FINAL INESPERADO

Carlos Guerra Vidal*

A xeira de reunións entre a xunta de persoal funcionario e a xerencia deu como resultado unha reorganización da relación de postos de traballo de funcionarios de administración e servizos desta universidade que supón unha mellora retributiva para un importante número de funcionarios.

Unha vez dito isto cómpre facer unha cronoloxía dos feitos que dan lugar a este acordo para maior comprensión de todo o proceso.

Despois da primeira reunión entre a xunta de persoal e o Xerente e o Vicerreitor de Investigación (representante do equipo de goberno nestas reunións) se produce un primeiro comunicado da xunta de persoal na que se dá por suposto un acordo de homologación de postos de traballo da nosa RPT coa universidade de Santiago de Compostela que como se veu despois foi apresurado e prematuro xa que o acordo aínda non estaba pechado e asinado (non é a primeira vez que se fai). Despois deste feito, se producen unha serie de reunións co Xerente nas que nos manifesta que o acordo se pode facer pero sempre e cando se absorba dentro de dita homologación a parte do complemento específico modificado no acordo de 2002 entre a xerencia e a xunta de persoal. A resposta da xunta de persoal é contundente esta proposta NON SE ADMITE.

Dadas as diferentes interpretacións sobre o posible acordo entramos nunha tensa espera que se traduce entroutras cousas en difamacións e acusacións do presidente da xunta de persoal ós representantes de CC.OO no sentido de que están intentando rebenta-lo acordo. Ditas acusacións que aínda hoxe están sen demostrar fehacientemente, son produto do nerviosismo que produce a posibilidade de que o que se presentou como un acordo feito “a bombo e platillo” non se produza realmente e tamén á vella esa estratexia de “calumnia que algo queda”.

Coa intervención directa e exclusiva do vicerreitor de investigación nas negociacións, se rompe o esquema de que as negociacións entre os representantes dos funcionarios de administración se deben facer co Xerente e non cun cargo político pero a fin de contas desa reunión se sae cunha oferta de aproximadamente 120.000 euros para repartir entre os funcionarios afectados pola homologación coa universidade compostelana, término homologación que se deixa de utilizar en favor do término adaptación. Unha vez resolto na xunta de persoal o reparto dos cartos postos enriba da mesa polo vicerreitor de investigación, só falta a sinatura do acordo co Xerente, e é neste momento cando se produce o final inesperado xa que o Xerente envía unha proposta á xunta de persoal na que se inclúe as adaptacións dos postos de traballo afectados desde o principio da negociación é dicir desde o postos base D-14 ata os postos base de bilbliotecas B-20.

Supoño que esta proposta, que é a que se aproba por unanimidade pola xunta de persoal, é froito da sinerxia das actuacións do presidente da xunta de persoal e da xa coñecida actitude paternalista do xerente.

Neste momento no que o acordo está aínda quente é difícil facer valoracións máis alá de dito acordo, pero así como algúns cambian de opinión sobre o xerente segundo lle vaia a feira, eu creo que pese a este acordo, a actitude da xerencia foi negativa en términos xerais, xa que en tres anos de exercicio quedaron sen facer cousas tan importantes como:

- reorganización da nosa RPT que faga fronte ás necesidades reais desta universidade que se referendaría nun concurso de traslados

- adaptación da nosa RPT ó futuro espazo europeo de educación superior con especial atención as novas demandas de administración universitaria

- desenvolver unha política de acción social adaptada ás necesidades reais atendendo a criterios de eficacia e eficiencia..... e un longo rosario de temas que non foron posible desenvolver e que aínda que tapadas polo acordo de adaptación de RPT afirman a incapacidade da xerencia de adaptar a administración desta universidade ós retos actuais.

Máis ben me parece este acordo un “agasallo de xubilación” do xerente para intentar deixar un bó sabor de boca a unha xestión manifestamente mellorable.

Facendo autocrítica parte da “culpa” corresponde a esta xunta de persoal, e espero que esa sinerxia da que falaba antes se produza tamén para os temas que faltan por resolver, cuestión que se anota no haber desta xunta de persoal e do seu presidente en particular, pese a este final inesperado que aínda que non afecta a todo o PAS-funcionario supón sen lugar a dúbidas un recoñecemento ó traballo que o PAS-funcionario fai nesta universidade.

*representante de CC.OO na xunta de persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Vigo